



De profesión afiador:

*elementos do oficio
e espacios de vida*

Xosé Antón Fidalgo Santamariña

Nas sociedades tradicionais as xentes apenas renovan as súas ferramentas cortantes, as súas navallas barbeiras, as tesouras e demais artigos de coitelería, e precisan dos servizos do popular afiador ambulante, que chega a todas partes portando o instrumento de traballo típico, a roda de afiar, e a técnica artesna na punta dos seus hábiles dedos.

Na práctica cotidiana do oficio, o afiador ambulante presentouse historicamente como un modesto artesano que percorre co instrumento de traballo as aldeas, povos e cidades importantes afiando calquera utensilio de punta e fio que lle presentan os clientes. Entre o colectivo dos afiadores ambulantes galegos un bon número deles tamén se adican a recompoñer recipientes de barro e, sobre todo, paraugas, de aí o nome de *afiador-paragüeiro* que tamén se lles dá.

Trátase dun profesional que no desenvolvemento da súa especialidade aparecen implicados os tres elementos que lle conferen a súa especial peculiaridade, e sobre os que imos deter a nosa atención. Ditos elementos son:

- a) O instrumento de traballo ou “Roda de Afiar”.
- b) A técnica específica do Afiador tradicional.
- c) O personaxe popular que fai efectiva esta técnica sobre o típico instrumento profesional, a roda de afiar, nos espacios de acción profesional.

No desenvolvemento práctico da súa actividade artesna, o afiador ambulante tradicional combina estes tres elementos de tal xeito que chegan a constituir unha auténtica simbiose técnica, que imprime, ao oficio que practica, ese tipismo que lle deu identidade propia e sobrada popularidade.



Unha das primeiras representacións do instrumento atribúese ao ourensano Antonio Puga que, no século XVII, deixou constataada a imaxe do noso afiador ambulante nun cadro que se conserva no museo de Ermitage de San Petesburgo.

1.- A “Roda de Afiar”:

O principal instrumento do afiador ambulante galego é a **Roda de afiar**, tamén chamada “tarazana”, carretón, afiadora, máquina de afiar, e vehículo de afiar. Desde o inicio do século XVI os gravadores e imaxineiros alemáns, ingleses, franceses, italianos e españois, deixaron constancia das pegadas físicas das rodas de afiar que estes profesionais empregan no desenvolvemento do oficio, nas prazas e rúas das cidades máis importantes dos países que visitan, circunstancia que hoxe posibilita coñecer a súa evolución até as formas que presentan na actualidade.

Polo que respecta aos afiadores españois, unha das primeiras representacións do instrumento atribúese ao ourensano

Antonio Puga que, no século XVII, deixou constataada a imaxe do noso afiador ambulante nun cadro que se conserva no museo de Ermitage de San Petesburgo. Aínda que de configuración arcaica e nada adaptada para circular polos camiños, si podía o profesional transportalo dun lado a outro polas rúas empedradas das nosas cidades e vilas de fai tres séculos.

Outra variante da roda de afiar é a que aparece nun interesante debuxo do século XVIII da autoría do valenciano Antonio Casanovas, no que aínda que a “Roda” aparenta ser pesada, xa é posíbel transportala sobre os ombreiros, condución que permite ao profesional unha maior mobilidade.

Moitos outros observadores deste popular personaxe recolleron o seu instru-

Antonio de Puga. O Afiador. Museo de l’Ermitage (San Petesburgo).





**"Afiador,
afia coiteiros,
tesoiras,
navallas.
O afiadoor".**

mento de traballo, no decurso dos séculos XIX e XX, nos lugares máis variados do chan ibérico. Neste sentido, é obrigada a cita daquela imaxe que aparece no cadro "El Afilador" (1808-1812) do universal Francisco de Goya, ou a figura que reproduce o fino lapis de Federico Guisasaola, en 1880, e o pontevedrés Agustín Portela en 1906, até as máis recentes imaxes do personaxe coa roda de afiar que reproduce a obra doutro colectivo de observadores, escultores e pintores galegos, que se teñen ocupado de deixar constancia dos rasgos máis salientábeis deste lexendario e popular personaxe, o afiador ambulante tradicional.

A diferenza de outros colectivos de afiadores ambulantes, como os austro-húngaros dos que nos fala MayerhoferC.: "Dorfzjenner" en *Estudes Tsiganes*, nº1. 1988, que construían as súas propias rodas de afiar, os afiadores tradicionais de Galiza autoabastécense de rodas de afiar en talleres de carpintería que dominan a técnica de construción do instrumento. Un destes primeiros talleres, do que temos referencia na provincia de Ourense, no que se construían rodas de afiar tradicionais, foi, -segundo os datos aportados polos informantes-, o nomeado "taller de Liñares", asentado na aldea de Liñares (Nogueira de Ramuín,



**Na práctica
cotidiana
do oficio,
o afiador
ambulante
presentouse
historicamen-
te como un
modesto
artesano que
percorre co
instrumento
de traballo as
aldeas, povos
e cidades
importantes
afiando
calquera
utensilio de
punta e fio.**

Ourense). Se facemos caso da información dispoñible sobre o taller, semella que foi desde el, que a técnica se difundiu a outros localizados dentro e fora da provincia de Ourense a través dos sucesivos operarios que se independizaron e instalaron o seu propio obradoiro de carpintería noutros lugares.

Os vellos “naceiros” (mestres-afiadores) encargaban as rodas de afiar directamente a estos artesanos coñecidos, que o construían á medida, e os afiadores xóvenes e algúns “mutilos” (aprendices do afiador) con ánimo de independencia, soíano mercar usado a algún vello “naceiro” decidido a abandonar o oficio ou ben a prescindir da roda usada para mercar unha nova.

Un examen de conxunto dos instrumentos de traballo do afiador ambulante aos que tiveron acceso, durante un tempo de investigación do tema, permite distinguir os diferentes modelos que se sucederon durante a xa dilatada historia profesional do colectivo de afiadores galegos.

As primeiras rodas de afiar citadas polos informantes son as “Tarazanas” (rodas de afiar portatis). Constitúen antigos instrumentos de traballo dos afiadores galegos, que transportaban dun lugar a outro sobre os ombros. Aparecen asociadas a un egrexio colectivo de “afiadores lexendarios”, que seguen conservando o honor de telas recibido de profesionais do oficio foráneos. Constátase que unha destas “Tarazanas” portatis -a primeira da que se ten noticias certas-, entrou na provincia ourensana “para ser reparada no taller de Liñares”, e que nel “confeccionan unha maqueta dela” que logo empregarían os operarios para reproducila.



O Afiador. Debuxo de A. Portela (Pontevedra, 1906)

Máis tarde, estos operarios introducíronlle as modificacións pertinentes que posibilitaron o seu transporte a rastras, empuxándoa. Nació así a hoxe popular “roda de afiar tradicional”, que moi pronto se xeneralizou entre os compoñentes doutro antigo colectivo de afiadores ambulantes que os informantes agrupan baixo o nome de “vellos ‘naceiros’”. Anque segue sendo considerada como a roda de afiar máis clásica, se otorgamos credibilidade ás testemuñas dos nosos informantes máis versados, este modelo de “tarazana” non supera os cento cincuenta anos. A súa adecuación ás esixencias de quen traballan nas áreas xeográficas diferentes traduciríase en outras tantas pequenas variacións do modelo patrón axustadas a estas necesidades.

Transcurrido o primer cuarto do actual século XX, todas estas versións da roda de afiar inician unha competencia desigual cos novos modelos de bicicleta que



agora aparecen con pedras de esmeril e pulidores instalados no seu cadro. Trátase do “vehículo de afiar” preferido polos afiadores máis innovadores, integrados no colectivo dos chamados “novos naceiros”. Pero tal como acontecera co instrumento precedente, pronto surxirían diferentes variantes deste modelo básico de bicicleta profesional que se adaptan aos gustos e obxectivos profesionais de quen as solicitan. Pola súa parte, a introducción deste modelo de instrumento de traballo pode considerarse importante na historia do oficio, por canto con el invírtese por primeira vez a relación que o afiador ambulante viña establecendo coa súa ferramenta principal de traballo, ao deixar de ser o afiador quen deba transportala sobre as súas costas ou rodando polo espacio de acción profesional, en canto é o “vehículo de afiar” o que desde agora transporta ao profesional a maior parte do traxecto, ademais de empregalo no exercicio da súa especialidade.

A partir do ecuador do actual século, pero especialmente en toda a década dos 60, estos modelos de bicicletas profesionais soportarán a nova competencia das modernas motocicletas que agora se estenden, con esmeriles e pulidores instalados, ademais dun ou dous caixóns que se lles agrega para transportar materiais e ferramentas. Trátase dunha máis actualizada “máquina de afiar”, preferida por quen integran o grupo dos “últimos aprendices”, nome que se lles aplica por ter recollido a técnica e “secretos” do oficio do colectivo de “novos naceiros” que lles precedeu, sen que eles poidan xa transmitirlos por carecer de aprendices dispostos a continuar esta tradición artesana. Moitos dos que todavía seguen traballando continuaron mellorando esta “máquina” profesional con novas adaptacións até introducir, na década dos 80, o último vehículo profesional que chaman “coche taller” do afiador. Trátase dun confortábel automóvil con furgón, no que algúns afiadores ambulantes trans-

Adaptación da “Roda” a unha motocicleta





Transcurrido o primer cuarto do actual século XX, todas estas versións de roda de afiar tradicional inician unha competencia desigual cos novos modelos de bicicleta que agora aparecen con pedras de esmeril e pulidores instalados no seu cadro.

portan a súa “roda de afiar” tradicional até os lugares de traballo, pero a maioría leva instalado un auténtico taller ambulante cos materiais e ferramentas apropiadas para un eficiente desenrolo da especialidade, sobre un amplo radio de acción profesional.

2.-A técnica artesana específica:

Por canto a técnica de traballo os afiadores ambulantes galegos recibírona directamente doutros “naceiros” (afiadores-mestres) aos que acompañan algún tempo. Ás veces eran os mozos pobres da “chaira” ou os seus familiares máis achegados, quen se achegaban a estos “naceiros” coñecidos, para que lles aceptasen como compoñentes do seu microgrupo profesional. Outras veces son os mesmos “naceiros” os máis interesados en rodeárense dalgúns aprendices aos que se encargarán de explotar durante o tempo que permañezan na súa compañía.

Mentras se permanece fora da “chaira” os compoñentes destas células ambulantes traballan codo a codo uns como “mestres-afiadores” e outros como afiadores en potencia. Todos asimilaban a técnica e modo de vida participando dunha cultura común, provista duns reglamentos e unhas diferencias estatutarias con vigor só entre os membros destes microgrupos profesionais. Da transmisión das habilidades técnicas propias do oficio, o mesmo que dos códigos de conducta internos ao microgrupo, dos hábitos de apoio e solidariedade, da xerga especial de oficio, etc, ocúpanse os vellos mestres ambulantes afiadores e aqueles aprendices cunha maior destreza e experiencia ambulante, de tal modo que o neófito vaia avanzando gradualmente nas habilidades do oficio e na asimilación das principais convencións, regras, e aspectos básicos do modo de vivir, pensar, e ser un afiador ambulante. “Evitar meterse en problemas” coa poboación residente, “dar a razón ao cliente”,





“non practicar o engaño entre os compañentes do grupo”, “axudar a saír do problema no que un colega se metese”, “obedecer ao “naceiro” mentras se permanece baixo a súa tutela”, aparecen como outras tantas regras básicas de conducta que os aprendices de afiadador deben interiorizar xunto coas técnicas profesionais, anque, se fago caso de todos os informantes de que dispoño, non sempre a súa conducta se axustara a elas. Tamén nas miñas notas de campo aparecen frecuentes alusións a “naceiros” con fama de irascibles e mezquinos para cos seus “mutilos” aos que, unha vez fora a “chaira” natal, chegaban a tratar como se foran seus escravos. A súa autoridade sobre eles era total. Facíaselles transportar a roda de afiar coas ferramentas de traballo até os povoados, visitar as casas pedindo traballo, e mendigar comida que debían entregar aos amos. Tal como apuntan varios informantes: “algúns “naceiros” até nos forzaban a abrir a boca para comprobar se no camiño nos coméramos algo do que as “belenas” (amas de casa) nos tiñan dado”, e, tamén, “revisábannos os bolsillos mentras dormíamos para ver se nos quedáramos con algo do que cobrábamos”, polos traballos entregados.

Nos tempos clásicos desta ambulancia galega, que polos nosos datos situamos no derradeiro cuarto do século pasado e na primeira metade do actual, estos aprendices vivían do que mendigaban nos lugares que visitaban. Pola súa colaboración, os amos nada lles pagaban, e a suciedade e miserias de toda clase eran as súas fieles compañeiras da forzada viaxe. Inmersos en tan particular contex-

to, o proceso de aprendizaxe das técnicas e cultura de oficio do afiadador ambulante galego, iba transcurrido sempre conformado a unhas fases progresivas durante as que estos “mutilos” conseguían asimilar as variadas habilidades técnicas e “secretos” propios da especialidade. Pero para alcanzar un dominio completo da técnica artesana, ao neófito deberá gustarlle este modo de vida, amar a profesión e sentirse realizado practicando este oficio para permanecer moito tempo nel. Cando se dan estas actitudes pódese dicir que nos achamos ante un potencial afiadador artesano con ribetes de artista, que empeza moi cedo a lucir o seu estilo propio na forza e no ritmo que imprime o seu pé sobre o pedal da “tara-zana”, no coñecemento das cualidades físicas dos utensilios que lle son depositados para reparar, na colocación e no temple dos seus dedos, na concentración e nos xestos expresivos de desagrado, satisfacción e doutra clase que imprime mentras desenrola o seu traballo, nos movementos que fai, nas conversacións que sostén cos variados clientes sobre os espacios de acción profesional.

3.-O personaxe ou profesional da ambulancia:

Os afiadadores ambulantes galegos puxeron en práctica as súas técnicas de traballo e a súa destreza no manexo do oficio sobre todo como profesionais independentes. Nos tempos tradicionais chegaban, regularmente, aos diferentes enclaves de traballo transportando a súa roda de afiar portátil e coa técnica artesana na punta dos dedos. Non faltaron vellos afiadadores informantes aos que lles agradaba

Pero para alcanzar un dominio completo da técnica artesana, ao neófito deberá gustarlle este modo de vida, amar a profesión e sentirse realizado practicando este oficio para permanecer moito tempo nel.



mostrarse como uns verdadeiros heroes do camiño, que ocuparon a maior parte da súa vida activa recorrendo as comarcas máis diversas da nosa xeografía antes de decidirse por traballar nos países de Hispanoamérica. Un 25 por cento do máis do centenar de afiadores entrevistados reveláronme ter traballado de afiador nalgunha cidade de Iberoamérica, despois de facelo algún tempo por Galiza e outros territorios de España e Portugal. Pero onde fora que chegasen practicando o oficio, o seu ritmo de vida e traballo foi semellante. Unha vez fora da “chaira”, a súa xornada de traballo transcurría empuxando a súa “tarazana” polas estradas que desembocan nas cidades e vilas, e polos camiños carreteiros que levan aos máis alonxados povoados de montaña.

Un 25 por cento do máis do centenar de afiadores entrevistados reveláronme ter traballado de afiador nalgunha cidade Iberoamericana, despois de telo feito durante algún tempo por Galiza e outros territorios de España e Portugal.

Non todos os afiadores galegos cos que contactei mostraron preferencias na orientación das súas saídas profesionais. Aqueles oriundos do municipio de Nogueira de Ramuín (Ourense), e colindantes, sentiron unha maior inclinación polas cidades e comarcas rurais de Galiza e do Norte de España e Portugal. Pola súa parte, os afiadores de Castro-Caldelas (Ourense), e localidades do seu entorno, tiveron unha maior predilección por povos e cidades do centro e sur peninsular. Estes diferentes ámbitos de traballo van a ter moito que ver cos servizos que uns e outros chegan ofrecendo aos seus clientes ocasionais. Así, quen recorrían a Iberia húmida salpicada de asentamentos rurais dispersos e tradicionalmente aillados, unen moi a miúdo o seu oficio de *afiador* aos de *paragüeiro* e *lañador* como un modo de facer máis rentabeis as

súas saídas profesionais; e quen se recorreron a Iberia seca empregaron o tempo case en exclusiva reparando os máis variados obxectos de punta e fío, castrando gatos e outros animais domésticos caídos en desgracia, e ofrecendo aos seus clientes un limitado mostrario de productos de tocador, utensilios de corte e artigos de bisutería. Con todo, aínda deixando constancia desta diferente ocupación de ambos colectivos, debo engadirlle que ningún rechazará nada do que un cliente lle presenta para reparar. Nos espazos de traballo, especifican, “non se dicía nunca que non se sabía” e “a todo se atrevía un”, ao obxecto de maximizar até o posíbel as súas ausencias transitorias da “chaira” (terra) natal ourensana.

Como é lóxico pensar, tamén o xeito de elexir e de se introducir nos enclaves de traballo, a extensión dos mesmos, a frecuencia das visitas ao fogar familiar, a repetición das saídas de traballo, etc., varían segundo as circunstancias persoais de cada profesional, e é pouco o que se pode xeralizar para todos os afiadores ambulantes oriundos de Galiza. Con todo, sobresaen certos rasgos que considero de interese consignar. A saber:

1.- Unha vez determinada unha zona de traballo, o principal empeño do afiador ambulante oriéntase a se facer coñecido dos seus habitantes até conseguir que éstos lle consideren “como un máis” deles. Lograr este obxectivo é difícil pero quen o conseguen ven incrementada a rentabilidade da saída estacional. Os clientes até agora ocasionais, consolídanse convertíndose en persoas coñecidas que valoran o seu bon facer artesano, res-



pectan a súa persoa e agardando a súa chegada, xa que lle teñen reservado traballo. Sempre que se dan estas circunstancias a estancia polos diferentes asentamentos que percorre traballando chega a se converter en algo agradábel.

2.- Con respecto á extensión da área xeográfica que un afiador ambulante chega a cubrir nas saídas profesionais non é fixa, e semella difícil achar un criterio capaz de delimitala con claridade. Se tomamos en consideración as referencias que fan da súa área os afiadores ambulantes que consultei, diríamos con eles que un área de traballo “é pequena ou é grande segundo se considere”. Un dos informantes enxuciaba así a que el recorreu traballando durante a súa vida de afiador: “Pódese dicir (que é) moi grande porque en cuestión duns meses movíame dun lado a outro de España. Podemos dicir (que é) moi pequena porque acostumaba a traballar nos portos, e un porto é unha zona moi pequena” (ex-afiador de sesenta e nove anos. Loña, Nogueira de Ramuín). Con todo, en

base aos datos proporcionados polos informantes, pódese reconstruír os tres prototipos seguintes de áreas de traballo que recorreron os afiadores ambulantes oriundos de Galiza, e que denominarai As áreas de acción de largo alcance, As áreas de acción de alcance medio, áreas de acción de reducida extensión.

a) *As áreas de acción de largo alcance*, propias de aqueles afiadores que nunca se preocuparon por poñer un rumbo definido ás súas saídas profesionais, nen de concretar a data de retorno ao fogar familiar. Nestes casos, os seus recorridos profesionais consistían nunha itinerancia de tipo pendular de grande alcance, cunha primeira fase de progresivo alonxamento da “chaira” até chegar traballando ao punto máis distante, desde o

“Pódese dicir que a área de traballo é moi grande porque en cuestión duns meses movíame dun lado a outro de España. Podemos dicir que é moi pequena porque acostumaba a traballar nos portos, e un porto é unha zona moi pequena”.



*Afiador faenando na rúa.
Gravado de
F. de Guisasola
(1880)*



Da transmisión das habilidades técnicas propias do oficio, o mesmo que dos códigos de conducta internos ao microgrupo ambulante, dos hábitos de apoio e solidariedade, da xerga especial de oficio, etc, ocúpanse os vellos mestres ambulantes afiadores.

que se inicia outra de aproximación á “chaira” até chegar a un asentamento en que decide viaxar directamente ao fogar. O tempo invertido no fai esta modalidade de percorridos pode ser duns meses, uns anos, e, aúñ de toda unha vida. En cada asentamento urbano ou rural do camiño, o profesional facía notar a súa presenza co característico pregón de oficio, e o florido sonar do seu chifre profesional. Mesóns de acollida de transeúntes, pensións e fondas humildes, casas de confianza, palleiros e cobertizos rurais convértense para eles nuns estimados refuxios onde pernoctar, difundir as novidades e intercambiar os seus “secretos” de oficio na súa xerga especial, “o barallete”, con outros afiadores e demais ambulantes coñecidos oriundos da “chaira”. Verdadeiros heroes anónimos de historias aúñ non escritas, algúñs destes afiadores conseguiron visitar medio mundo levando como seguro inseparábel a roda de afiar, e os recordos da súa “chaira” como leais compañeiros do camiño.

b) As áreas de acción de alcance medio, resultado xeralmente da división dunha previa “área de acción de gran alcance”. Decididos por un sector xeográfico máis ou menos amplo que lle ofrece posibilidades de traballo, o afiador dedica a tempada a percorrelo desde algunha localidade

onde habitualmente conserva habitación, lávanlle a roupa e proporcionánlle comida.

c) Por último están as áreas de acción de reducida extensión, propias do conxunto de afiadores que optan por traballar soamente os núcleos urbanos e os seus arredores, ou nalgún barrio dunha grande cidade a onde chegaron un día e botaron raíces. Para estes afiadores que un día decidiron facerse sedentarios e trasladar alí a súa familia, o que antes era a súa área de acción convértese desde agora en área de clientela que lle trae a recompoñer os utensilios domésticos. No seu taller permanentemente instalado en calquera barrio de capital de provincia, o afiador repara os utensilios de corte ao

F. de Goya: “O Afiador” (1808-1812). Museo de Budapest.





tempo que suministra uns variados artigos de coitelaría e de agasallo. Noutros casos estes profesionais inverten unha parte da xornada atendendo a súa clientela nas carnicerías, pescaderías, restaurantes, hoteis, residencias, colexios e domicilios particulares, ante os que instalan o seu típico instrumento despois de ter identificado a súa presenza por medio do “arpegio” típico que xurde do seu “apito” (frauta), e o seu exclusivo pregón deste tipo: “Afiador, afía coitelos, tesoiras, navallas. O afiadoor”, que emite de viva voz.

3.- Tocante á frecuencia das visitas ao fogar desde as áreas de traballo, é tamén pouco o que se pode considerar válido para todos os afiadores ambulantes oriundos de Galiza. Pódese tomar como norma que canto máis lonxe van a traballar menos visitas fan e máis tempo permanecen nel cando a realizan. Quen traballaron en cidades e localidades moi alonxadas, radicadas no territorio peninsular, soían visitar a familia unha ou dúas veces ao ano: Unha no verao, durante os meses de Xullo e Agosto, unha vez rematada a reparación das ferramentas de corte que empregan os campesiños nas segas de cereais e de herbas, e con motivo de contribuir á realización dos traballos estivais do campo, asistir ás festas patronais, e ás romarías que se celebran nos santuarios da comarca de orixe. A outra faise a partir de mediados de Novembro, en que os días curtos, fríos, e chuviosos fan moi duro e pouco rentábel o traballo na rúa. Os afiadores aproveitan esta volta ao fogar para realizar a “matanza” anual do porco, celebrar o Nadal en familia e deixar que transcurran os meses

centrais de inverno antes de reanudar a súa actividade profesional.

Un aspecto máis para rematar: Os variados espacios de traballo sobre os que o Afiador ambulante desenvolve o seu oficio artesano, a cotío e de sol a sol, constitúen o mellor escenario sobre o que proxectar a súa figura física de artesano e a imaxe social que a sociedade circundante se foi facendo del. Tocante á primeira, trátase en todas as partes dun personaxe popular que aparece evocándolle ao observador circunstancial unha dura historia persoal e unha modalidade de existencia inconfundíbel e nada invidiábel. Respecto da imaxe social, o modo de vida que o caracteriza nos espacios de traballo, tamén suscitou unha serie de xuízos sobre a súa persoa que contribuíron á elaboración de estereotipos asociados á profesión e dos que aínda non foron capaces de se liberar. Entre os negativos atópanse as asociacións que se establecen entre afiadores ambulantes e campesiños pobres de “homes de mundo”, portadores duns valores morais debilitados, que os levan a persoas nas que un non debe confiar. Entre os positivos están aquelas asociacións que presentan os afiadores tradicionais como unhas persoas libres e sen ataduras, amantes a toda costa da liberdade e portadores daqueles rasgos identitarios que mellor definen aos membros do seu país natal, a saber: ruralidade, capacidade de aforro, espírito de sacrificio e afán de superación, entre outros moitos que igualmente poderíamos constatar.

**“Algúns
“naceiros”
até nos
forzaban a
abrir a boca
para
comprobar se
no camiño
nos coméramos algo do
que as “belemas” (amas
de casa) nos
tiñan dado”,
e, tamén,
“revisábanos os bolsillos mentras
dormíamos
para ver se
nos quedáramos con algo
do que cobrábamos”,
polos traballos entregados.**

**FLORENCIO MARTÍNEZ
VÁZQUEZ, "FLORENCIO DE
ARBOIRO"**

1947, Arboiro, Ourense.

Escultor e monitor de artes plásticas no Sanatorio Psiquiátrico de Toén. Herdou do seu avó Nicanor o amor pola escultura, así como o taller de Arboiro, lugar onde dun xeito autodidacta comezou a aprender esta arte. Os seus materiais preferidos son a pedra e o bronce, e a súa fonte de inspiración é a natureza, a vida da súa terra. Isto queda plenamente representado na súa obra. Esculturas como a escola, o segador, o afiador, o serranchín, as aguias, as meigas, dan exemplo da identificación de Florencio co lugar que o viu



nacer. Dentro desta compenetración naceu o interese por recuperar ferramentas de traballo da nosa terra, e dentro destas ferramentas unha en especial, A RODA DE AFIAR.

O autor deste artigo coa última roda recuperada para a súa colección.



Na percura do museo do afiador


Florencio de Arboiro

Debuxos: **Luís Cid**

I

Como escultor galego, síntome moi achegada ás nosas raíces e á nosa cultura. Por desgracia, o transcorrer dos anos fixo estragos na conservación destas raíces no ámbito rural; lugar esquecido por etnógrafos, escritores e artistas da terra.

¿Por que rodas de afiar?. Supoño que a comarca e os meus devanceiros tiveron que ver na miña decisión. Para conseguir recoller esta colección tiven que percorrer numerosas aldeas na búsqueda das rodas, e o resultado é este, gracias á axuda de colaboradores como Anxel Núñez, que me axudou na localización.



*Propiedade: Máximo Vázquez ou Xosé González,
bisavós de Florencio de Arboiro.
Lugar de orixe: Arboiro-San Xoán de Río-Ourense.
Traballou en: Por toda Castilla.*

É a roda máis antiga da colección, de finais do século XVIII. É unha máquina de afiar que non pode rodar, polo que saía de Arboiro ben ao lombo do afiador ou ben nun burro e botaba período de até máis dun ano fora da casa. Co paso do tempo, os afiadores desplazaron a roda para adiante, posibilitando que rodara, evitando deste xeito ter que cargar con ela.